

CONTIDOS XERAIS IMPARTIDOS NA TERCEIRA AVALIACIÓN

O traballo no **terceiro trimestre** estará enfocado principalmente ao **repaso, reforzo e recuperación** e está adaptado en función de cada etapa, área ou materia, tendo en conta a situación de cada alumno.

Impartiremos algún contido novo para favorecer o progreso na aprendizaxe e no desenvolvemento das competencias clave a pola súa adecuación a esta situación. **Esta avaliación non se avaliará de xeito independente para facer “media” coas cualificacións anteriores. Servirá para mellorar a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN. REVISIÓN.**DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL.**

Acordouse revisar os criterios de Avaliación e cualificación do Departamento de Educación Plástica e Visual.

Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que modifican o marco normativo que rexe o desenvolvemento do curso 2019/2020 e flexibiliza os criterios para promoción e titulación nas diferentes etapas educativas, quedando sen efecto o criterio do número de materias non superadas. Acórdase, en primeiro lugar, o seguinte:

En primeiro lugar, e con carácter xeral:

- Prestarán especial atención a identificar o alumnado desconectado por diversas circunstancias ou non localizable e prepararán plans específicos de recuperación do vínculo escolar e de reforzo que lles axuden a reincorporarse á actividade educativa tan pronto como sexa posible. Os centros darán traslado de ditos plans específicos á inspección educativa.
- Farán un especial esforzo para identificar o alumnado que carece de medios de conexión dixital e, en virtude da súa autonomía organizativa e de xestión, arbitrarán as medidas necesarias e facilitarán o uso de distintos tipos de dispositivos adecuados para a atención educativa a este alumnado.
- Os centros educativos adaptarán os criterios de avaliación e cualificación previstos nas programacións didácticas para cada curso e materia, identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso formativo do alumnado, reforzando e consolidando as aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.

- Nos documentos oficiais de avaliación quedarán recollidas, ademais do decreto correspondente polo que se establece o currículo de cada ensinanza, a OrdeEFP/365/2020, do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (BOE do 24), así como as presentes instrucións, que recollen as medidas de flexibilización que, con carácter excepcional durante o curso 2019-2020, se aplicarán, de xeito que os documentos de avaliación dean conta do marco regulamentario no que desenvolveu a avaliación e a adopción de decisións de promoción ou titulación e estean debidamente regularizados. Prestarase especial atención no libro de cualificacións como documento oficial que reflicte os estudos cursados.

En segundo lugar, e con carácter específico para o Departamento de Educación Plástica e Visual:

- **As calificacións na avaliación final do alumnado terán en conta as notas da 1ª e 2ª Avaliación. O traballo realizado na terceira avaliación poderá subir nota na terceira avaliación (ata dous puntos), pero nunca baixar os resultados xa obtidos nas dúas primeiras avaliacións.**
- **A calificación final decidirse, fundamentalmente, coas notas da 1ª e 2ª avaliación. O traballo realizado telemáticamente durante a terceira servirá, en todo caso, para subir os resultados da media obtida na 1ª e 2ª avaliación, ata un máximo de dous puntos.**
- **O traballo realizado polo alumnado ao longo do 3º trimestre sempre repercutirá positivamente na nota final (poderá sumar ata dous puntos á media obtida coa 1ª e 2ª avaliación).**
- Se o alumno/a abandona o traballo telemático comunícase no informe semanal de seguimento de tarefas, o titor/a informará á familia, se valorarán as circunstancias e, se se constata que o está facendo deliberadamente, se reflectirá no informe individualizado de fin de curso, tanto a realización de tarefas como a conexión as clases telemáticas. En canto ao departamento, lévase un seguimento día a día do traballo do alumnado, interese e posibles problemas técnicos ou de falta de esforzo.
- Aprobarán o curso os alumnos que:
 1. Aprobaron a 1ª e a 2ª avaliación e estean a traballar nesta 3ª avaliación, participando e entregando tarefas ben realizadas e en tempo.
 2. Aprobaron a 1ª avaliación e estean a traballar nesta 3ª avaliación, participando e entregando tarefas ben realizadas e en tempo.
 3. Aprobaron a 2ª avaliación e estean a traballar nesta 3ª avaliación, participando e entregando tarefas ben realizadas e en tempo.
 4. Aprobaron a 1ª e a 2ª avaliación pero non estean a traballar o necesario nesta 3ª avaliación por problemas de conexión pero entregan tarefas ben realizadas.

5. Aprobaron, ou a 1ª, ou a 2ª avaliación pero non estean a traballar o necesario nesta 3ª avaliación por problemas de conexión pero entregan tarefas ben realizadas.
6. No caso de que un alumno non teña aprobada nin a 1ª nin a 2ª avaliación e estea nesta 3ª a traballar dun xeito excepcional, entregando tarefas ben feitas e demostrando a súa autoría dende o comenzo desta situación, evaluarase o traballo de cara a posibilidade de que aprobé o curso de xeito positivo.

RECUPERACIÓN DE EVALUACIÓNS PENDENTES.

Acordouse contactar persoalmente con todos os alumnos que no curso 2019-2020 teñen algunha avaliación pendente. A día de hoxe **todos os alumnos nesta situación están informados persoalmente** das actividades de recuperación das avaliacións non superadas neste curso. Se informará, tamén ás familias.

Todos os alumnos que teñen algunha avaliación non aprobada e non a recuperaron ao longo do curso (alguns xa o fixeron e xa teñen as avaliacións recuperadas) terán que realizar as entregas propostas para cada curso na aula virtual (classroom) de Educación Plástica e Visual, unha vez cotexado o informe e traballo de dirección conforme os alumnos afectados dispoñen de conexión a internet e ordenador para realizar ditas tarefas de xeito telemático.

Cada alumno ten as súas tarefas de xeito detallado na aula virtual da que forman parte. Ditos traballos, de xeito resumido, son os seguintes:

ORGANIZACIÓN DE TRABAJO POR AULAS E GRUPOS.			
1º E.S.O.		BLOQUE CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.
ACTIVIDADES DE REFORZO E REPASO DE CONTIDOS.	Debuxo con sombras. Traballo de emocións. 5 emocións básicas.	B.I. Expresión Plástica.	B 1.1.1. Identificar e valorar a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas. Bl.2.3.Experimentar co valor expresivo da liña e o punto e as súas

	<p>Traballo de mancha. Coñecemos diversos artistas a través da mancha.</p> <p>Traballo de creatividade e imaxinación.</p> <p>Texturas naturais e artificiais.</p>	<p>posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou mais libres e espontánea. Realizar composicións que transmitan emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).</p> <p>Transcrición de texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de <i>frottage</i>, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.</p>
--	---	---

ACTIVIDADES DE BENESTAR EMOCIONAL.	Colorear mandalas.	B.I. Expresión Plástica. Actividades de bienestar emocional. Mindfulness	
ACTIVIDADES DE COÑECEMENTO E USO DAS PLATAFORMAS DIXITAIS.	Subir traballos a Plataforma, uso de diferentes chat, adxuntar arquivos...	Adaptación tecnolóxica.	
ACTIVIDADES EXTRA PARA SUBIR NOTA: MOTIVACIÓN, XOGOS	Dibuxos voluntarios, Quiz sobre arte, xogos diversos	Benestar emocional, motivación	
3º E.S.O.		BLOQUE CONTIDOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
ACTIVIDADES DE REFORZO E REPASO DE CONTIDOS.	Ilusións ópticas Traballo de emocións. 5 emocións básicas.	Bloque II. Comunicación Audiovisual Bloque I. Expresión Plástica.	Diferenciar as imaxes figurativas das abstractas. Recoñecer graos de iconicidade unha serie de imaxes. Crear imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema. Realizar composicións que transmitan emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).

	Traballo con pigmentos naturais.	Bloque I. Expresión Plástica.	Utilizar con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade
	Interpretamos obras de arte. Reto do MET Museum.	Bloque I. Expresión Plástica	Aproveitar materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas. Apreciar a obra de arte como fonte de goce artístico.
	Traballo á maneira de varios artistas. E exercicios de creatividade	Bloque I. Expresión Plástica	Analizar, identificar e explicar oralmente, por escrito e gráficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias
	Rutinas creativas.		Creación de dinámicas de traballo.
ACTIVIDADES DE BENESTAR EMOCIONAL	Vídeos de motivación, práctica de pensamento positivo e resiliencia.	B.I. Expresión Plástica. Actividades de bienestar emocional. Mindfulness	
ACTIVIDADES DE COÑECEMENTO E USO	Subir traballos a Plataforma, uso de	Adaptación tecnolóxica	

DAS PLATAFORMAS DIXITAIS.	diferentes chat, adxuntar arquivos, facer fotos de xeito correcto...		
ACTIVIDADES EXTRA PARA SUBIR NOTA: MOTIVACIÓN, XOGOS. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	Dibuxos voluntarios, Quiz sobre arte, xogos diversos.	Benestar emocional, motivación	
4º de E.SO.			
ACTIVIDADES DE REFORZO E REPASO DE CONTIDOS.	Dibuxo de sombras: ollos, manos, esfera. Traballo de 5 emocións básicas. Participación no concurso Ilustrando Contos de Emilia Pardo Bazán	Bloque I. Expresión Plástica Bloque I. Expresión Plástica Bloque I. Expresión Plástica Bloque IV.	Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. Realizar composicións que transmitan emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.). Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplicación á produción de proxectos persoais e de grupo. Analiza e realiza fotografías, tendo

	Metáforas visuais do confinamento.	Linguaxe audiovisual e multimedia.	en conta criterios estéticos. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.
	Collage persoal	Bloque I. Expresión Plástica	Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.

As actividades se adaptarán en todo momento á situación dos rapaces e á súa carga de traballo, xa que observamos que alumnos moi traballadores teñen moita carga de traballo. Se os alumnos demandan máis tempo se variará a temporalización, e se priorizará a adaptación aos tempos de todo o alumnado, puidendo quedar algún dos últimos proxectos marcados sen facer.

Todos os alumnos con algunha avaliación pendiente **foron persoalmente informados das tarefas que deben facer de cara a recuperar a ou as avaliacións pendentes.**

NÚMERO TOTAL DE ALUMNOS CON AVALIACIÓNS PENDENTES:			
	CURSO	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN
Nº DE ALUMNOS CON ALGUNHA AVALIACIÓN PENDENTE.	1º B (10 alumnos en total)	7 alumnos	7 alumnos
Nº DE ALUMNOS CON ALGUNHA AVALIACIÓN PENDENTE.	1º A (7 alumnos en total)	5 alumnos	2 alumnos, dos cales un alumno za a ten recuperada.
Nº DE ALUMNOS CON ALGUNHA AVALIACIÓN PENDENTE.	3º A	1 alumno	

	CURSO	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN
Nº DE ALUMNOS CON ALGUNA AVALIACIÓN PENDENTE	4º A	1 alumno.	

INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN

Apartados	Instrumentos de avaliación	Observacións	Ponderacións
A	Traballos dos alumnos, láminas e bocexos, realizados na aula e recollidos nunha carpeta.	Cada lámina valoraranse de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 1 decimal. Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 1 decimal.	100%
B	Caderno do profesor, cadro de observación e rexistro de incidencias da actitude do alumno: mostra interese, pregunta, se preocupa, se conecta...	Valorarase o interese do alumnado en conectarse nas clases online, se pregunta dúbidas, participa, o intenta dentro das súas circunstancias... Terase en conta a circunstancia persoal de cada alumno.	+/- Bx(0,25)
C	Actividades de positivos	O profesor valorará con 0,250 puntos ao longo de cada avaliación as actividades marcadas como positivos: xogos artísticos, traballos de motivación, reforzo emocional, mindfulness, etc.	+/- Bx(0,25)
D	Puntualidade nas entregas.	O profesor valorará a puntualidade das entregas e o respecto aos prazos de traballo de xeito positivo.	+/- Bx(0,25)

E	Traballos voluntarios	Suman a nota final da avaliación	+0,5X
---	-----------------------	----------------------------------	-------

Nuria Pena,

X.D. Maio, 2020.